Viaxamos polos dereitos da infancia



no mundo

20 de novembro:

Día dos Dereitos da Infancia

www.redentreculturas.org

entreculturas
ONG XESUÍTA PARA A EDUCACIÓN E O DESENVOLVEMENTO

aecid

días entreculturas

viaxamos polos dereitos da infancia no mundo ---------→

Infantil

Propoñemos traballar os dereitos da infancia desde a perspectiva de xénero. Utilizamos como fio condutor un tren de valores, cuxas paradas nos achegan á consecución dos dereitos de dous xemelgos.

Grazas ao esforzo conxunto recuperarán a identidade, a alegría e moitos soños.

Todos e todas unidos podemos emprender a viaxe máis marabillosa, aquela cuxa meta consiste na igualdade de dereitos de todos os nenos e nenas.

OBXECTIVOS

· Aproximarse aos dereitos que teñen os nenos e as nenas do mundo e valorar a súa importancia co fin de que crezan sendo felices.
· Fomentar a corresponsabilidade e a participación cidadá desde a vivencia positiva de implicar tanto a nenos coma a nenas no goce de dereitos recoñecidos.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Propoñemos traballar os dereitos da infancia desde a perspectiva de xénero.

Para iso, previamente á actividade, o educador ou educadora prepara dous tipos de debuxos para repartir na clase: un debuxo de neno e outro de nena.

Cando chegue o momento de executar a actividade o educador ou educadora pon o cartel co debuxo do tren no encerado e debuxa unha vía con tres paradas:

Nome, Xogo e Escola

A continuación a profesora explícalles que coñeceu un neno e unha nena, son xemelgos e veñen dun lugar moi bonito que se chama Cidade Planeta. Están aquí porque tiveron un problema na viaxe á terra: perderon os seus dereitos en diferentes lugares do mundo. Agora pídennos que os acompañemos nunha viaxe moi divertida, na que ademais aprenderemos cales son os dereitos dos nenos e nenas do mundo. Viaxaremos en tren e iremos parando cando atopemos un dereito perdido.

O neno e a nena son xemelgos e gústalles moito ir xuntos.

Neste momento repártense os debuxos; a cada nena dáselle un de neno e viceversa.

Unha vez repartidos comeza a viaxe.

Para que sexa máis divertida, cada vez que teñen que facer unha parada colócanse formando un trenciño e dan unha volta á clase ata que volven sentarse no seu sitio.

Parada número 1: Dereito a ter un nome.

O primeiro que perderon os xemelgos foi o nome e a cor; polo tanto o primeiro que cómpre facer é colorealos para que recuperen a alegría e mais darlles un nome.

Cada neno e nena comparte o nome do seu debuxo e coloréao ao seu gusto.

Parada número 2: Dereito a xogar.

Entre todos teñen que ensinarlles un xogo, un baile ou unha canción para que poidan divertirse.

Parada número 3: Dereito a ir á escola.

Para que poidan aprender moitas cousas e nunca máis perdan os seus dereitos, debuxámoslles as cousas que precisan para aprender: libros, materiais, escola, educador, educadora, compañeiros, compañeiras. Primeiro poden facer unha listaxe entre todos e todas coas cousas que necesitan e despois pintarlles as que máis lles gusten.

Xesto

A última parada é o dereito a vivir xuntos e felices, construíndo entre todos e todas un mundo de paz. Para iso cada neno e nena pega o seu debuxo no peito e sae da clase simulando un trenciño para xuntarse no patio co resto das clases e facer unha cadea ou tren xigante onde todos e todas se unan polos dereitos dos demais.

Pódese berrar algunha consigna como: Xuntos polos dereitos de nenos e nenas no mundo.

RECURSOS

· Encerado, xiz, debuxo dun neno para colorear, debuxo dunha nena para colorear, cartel con paradas de tren debuxadas, lapis de cores, cinta adhesiva para colgarse os debuxos se fan o xesto.



viaxamos polos dereitos da infancia no mundo ---------→

Primaria

Propoñemos traballar os dereitos da infancia desde a perspectiva de xénero. Utilizamos como fio condutor un tren de valores, cuxas paradas nos achegan á consecución dos dereitos de dous xemelgos.

Grazas ao esforzo conxunto recuperarán a identidade, a alegría e moitos soños.

Todos e todas unidos podemos emprender a viaxe máis marabillosa, aquela cuxa meta consiste na igualdade de dereitos de todos os nenos e nenas.

OBXECTIVOS

· Achegar os dereitos que teñen os nenos e as nenas do mundo.
· Traballar a equidade de xénero como eixo transversal.
· Fomentar a participación cidadá desde o descubrimento da responsabilidade de todos e todas en que os dereitos recoñecidos se cumpran.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Propoñemos unha actividade para traballar os dereitos de nenos e nenas usando como eixo transversal a equidade de xénero.

Para iso, previamente á actividade, a profesora pon un cartel co debuxo do tren no encerado e debuxa unha vía de tren con catro paradas:

Nome, Xogo, Familia e Escola

A continuación a profesora explícalles que coñeceu un neno e unha nena, son xemelgos e veñen dun lugar moi bonito que se chama Cidade Planeta. Están aquí porque tiveron un problema na viaxe á terra: perderon os seus dereitos en diferentes lugares do mundo. Agora pídennos que os acompañemos nunha viaxe moi divertida, na que ademais aprenderemos cales son os dereitos dos nenos e nenas do mundo. Viaxaremos en tren e iremos parando cando atopemos un dereito perdido.

O neno e a nena son xemelgos, así que están afeitos a ir xuntos; para que non se sintan sós, cada nena da clase acompañará ao neno e cada neno á nena.

O primeiro que teñen que facer é debuxalos para así telos máis presentes.

Unha vez repartidos comeza a viaxe.

Parada número 1: Dereito a ter un nome.

O primeiro que perderon os xemelgos foi o nome; polo tanto o primeiro que cómpre facer é dárllelo. Cada neno e cada nena comparte o nome do seu xemelgo no debuxo.

Parada número 2: Dereito a xogar.

Entre todos teñen que ensinarlles un xogo, un baile ou unha canción para que poidan divertirse.

Parada número 3: Dereito a unha familia.

Para que os nenos non volvan estar sós debuxámolos a carón de xente que os queira: pais, irmáns, amigos, avoas.

Parada número 4: Dereito a ir á escola.

Para que poidan aprender moitas cousas e nunca máis perdan os seus dereitos, debuxámoslles as cousas que precisan para aprender: libros, materiais, unha escola, compañeiros e compañeiras, educadores e educadoras. Primeiro poden poñerse de acordo nesas cousas que precisan.

Conclusión: Os nenos e as nenas teñen os mesmos dereitos en todo o mundo, e cómpre estar moi pendentes de que todos poidan gozar deles.

Xesto

A última parada é o dereito a vivir xuntos e felices, construíndo entre todos e todas un mundo de paz. Para iso cada neno pégase o debuxo no peito e sae da clase simulando un trenciño, para xuntarse no patio co resto das clases e facer unha cadea ou tren xigante onde todos estean unidos polos dereitos dos demais.

Pódese berrar algunha consigna como: Xuntos polos dereitos de nenos e nenas.

RECURSOS

· Encerado, xiz, lapis de cores, mural coas paradas de tren, cinta adhesiva para colgarse os debuxos se fan o xesto.



Coordinadora de Sensibilización: Raquel Martín. Departamento de Educación para o Desenvolvemento: Irene Ortega. Coordinación da proposta: Mª Luisa Caparrós. Autoría: Jessica García e Pilar Domínguez. Coordinación de produción: Cristina Fernández e Blanca Bonnelly. Deseño e arte gráfica: Maribel Vázquez. Tradución: Reverso Comunicación, Cultura e Lingua. Entreculturas 2010.

viaxamos polos dereitos da infancia no mundo ---------→

Secundaria

Celebramos o Dia dos Dereitos da Infancia cun exercicio de análise e creación de iniciativas, proxectos e actividades para mellorar a situación dos dereitos dos nenos, das nenas e da mocidade no mundo. Queremos achegarnos ao significado destes dereitos desde situacións concretas do mundo e descubrir a capacidade que temos todos e todas de defendelos, promovelos e facelos realidade.

OBXECTIVOS

· Identificar os tipos de dereitos nos que se divide a Convención de Dereitos da Infancia.
· Crear alternativas, ideas e propostas para que poidan cumprirse os Dereitos da Infancia.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O educador ou educadora comeza cunha explicación breve dos Dereitos da Infancia. Divídese a clase en catro grupos e entrégase a cada un dos grupos as tarxetas con 4 dereitos que poden ser extraídos da actividade de bacharelato (vagóns de dereitos).

Cada grupo debe reflexionar sobre un dos casos propostos a continuación. A partir do debate e da reflexión conxunta, os grupos **deben propoñer ideas e iniciativas** que fagan posible responder e asegurar os dereitos recoñecidos. As propostas que cada un dos grupos elabore para traballar polos dereitos de cada caso, represéntanas nun "vagón" (unha cartolina con forma de vagón) que permitirá a cada grupo expoñer aos demais o traballo realizado, así como facer un acto final conxunto no que os vagóns se xunten e poidan percorrer o mundo polos dereitos recoñecidos.

Ideas para a elaboración dos vagóns. Utilizando a simboloxia do vagón, os grupos exporán as súas iniciativas nas partes dos vagóns: ventás, rodas, fume. Nos xornais e suplementos dominicais da prensa escrita obtéñense moitas fotografías e novas relacionadas cos Dereitos da Infancia que podedes ofrecer para realizar a actividade. Unha vez que os catro grupos presentasen os seus vagóns ao resto da clase, xúntase todo o alumnado formando un tren e acoden ao patio onde colgan os vagóns e deseñan uns raís formados polos valores necesarios para que o tren dos dereitos sexa realidade: compromiso, xustiza, solidariedade, dignidade e outros.

Comisión de expertos e expertas A: Caso A

Nunha nova pequena localidade rural, creada grazas a que moita xente decidiu volver vivir na aldea, están creando un instituto para o alumnado de secundaria. Existe un grupo interesado en poder achegar ideas tanto para a construción do instituto coma para a súa organización. Queren que haxa espazos no centro educativo onde puidesen decidir, así como posibilidades de ser tidos en conta para cuestións da localidade.

Que dereitos son os que queren exercer este grupo de rapaces e rapazas? Que tipo de proxectos queredes levar a cabo dentro do centro para que o alumnado teña representación? Como se deben tomar as decisións no centro? Parécevos importante que a mocidade decida tamén sobre asuntos e problemas da localidade? Que ideas tedes para que participen dun xeito igualitario tanto rapazas coma rapaces? Colocade no voso vagón as ideas e iniciativas para acadar os dereitos recoñecidos.

Comisión de expertos e expertas B: Caso B

Binta é unha rapaza de 13 anos que vive nunha gran cidade con seu pai, súa nai e mais tres irmás e dous irmáns. Os seus días céntranse no coidado de irmáns e irmás, e na realización das comidas para toda a familia, polo que non lle queda tempo para ir á escola. A súa familia considera que o máis importante é que Binta aprenda a ser unha "boa muller e nai" máis ca recibir educación e saber ler e escribir. A vivencia de Binta non é extraordinaria na súa cidade, posto que a maioría das nenas están traballando dentro da casa no coidado de toda a familia sen ir á escola. *Fonte: Binta e a grande idea.*

O voso grupo é unha comisión que ten que sensibilizar sobre a importancia da educación das nenas, posto que numerosos estudos amosan que cando as nenas estiveron escolarizadas e saben ler e escribir, a saúde dos fillos e fillas e do resto da familia mellora. Igualmente, as nenas que recibiron educación poden desenvolver un mellor traballo e conseguir mellores condicións laborais. Realizade o voso vagón co obxectivo de argumentar e defender a importancia e a relevancia que ten para as familias e comunidades o feito de que as nenas reciban educación.

Comisión de expertos e expertas C: Caso C

Flor é irmá de Leo e ambos viven nunha poboación rural na que hai uns días comezou un conflito armado a partir de enfrontamentos violentos entre diferentes grupos da zona. Tiveron que fuxir á cidade por medo a ser secuestrados; el para ser soldado e ela para ser menor soldado e escrava sexual.

A que tipos de dereitos fai referencia? Que accións e proxectos poden desenvolver os gobernos? Como membros da cidadanía, podemos realizar iniciativas para informar desta problemática? Podemos colaborar e apoiar para que non existan menores soldado nos conflitos? Podedes atopar máis información na páxina web de "Campaña contra uso Menores Soldado" www.menoressoldados.org.

Comisión de expertos e expertas D: Caso D

Estrella, unha rapaza de 13 anos, vive nunha gran cidade con toda a familia. Desde hai uns días seu irmán pequeno está moi enfermo, pero non o levaron ao hospital máis próximo porque, ao ser privado, custa moitos cartos tanto a visita coma a medicación. Estrella está moi triste e preocupada ao descubrir que hai hospitais gratuítos na cidade, pero que os hospitais de calidade son privados.

Cal é o principal problema do caso? A que dereitos fai referencia o caso? Que iniciativas e proxectos podemos levar a cabo ante esta situación? Elaborade o voso vagón sobre a importancia do dereito á sanidade e sobre o que gobernos e a sociedade podemos facer para que se alcance este dereito.

Xesto: Unha viaxe polos dereitos da infancia

Axenda de accións: propoñemos elixir un ou dous momentos ao longo do curso nos que como grupo se comprometan a dar a coñecer no centro ou no barrio algún aspecto relacionado co traballado.

RECURSOS

· Tarxetas cos dereitos, tarxetas cos casos, cartolinas, pegamento, tesoiras, xornais, revistas...

viaxamos polos dereitos da infancia no mundo ---------→

Bacharelato

No Día dos Dereitos dos Nenos, das Nenas e da Mocidade (día do aniversario da aprobación da Convención de Dereitos da Infancia en 1989), propuxemos na aula un traballo de análise e creación de iniciativas, proxectos e actividades para mellorar a situación dos dereitos de nenos, nenas e da mocidade no mundo. Todos estes dereitos teñen o obxectivo de asegurar que teñan unha infancia e adolescencia feliz e sa, e os gobernos de todos os países, as institucións e todas as persoas temos que estar comprometidos en que sexan realidade estes dereitos para todos e todas.

OBXECTIVOS

· Coñecer, afondar e reflexionar sobre os tipos de dereitos que forman a Convención de Dereitos da Infancia.
· Analizar e presentar iniciativas para mellorar a situación de nenos e nenas a partir do traballo con casos e situacións onde teñen vulnerados os seus dereitos.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O traballo de investigación e reflexión que realiza cada grupo terá que ser exposto "nun vagón de tren": nunha cartolina debuxan un inmenso vagón no que escriben as ideas e propostas para posteriormente compartilas cos demais grupos. Unha vez que os catro grupos expuxesen os seus vagóns, teñen que enlazalos para así crear un tren que percorra o mundo polos dereitos de todos e todas. Para enlazar os vagóns deben colocar o nome dos valores entre eles para que sexa realidade o tren.

En primeiro lugar imos facer catro grupos porque os artigos que forman a Convención dos Dereitos da Infancia estrutúranse e agrúpanse en catro seccións: dereitos de participación, dereitos de desenvolvemento, dereitos de protección, dereitos de supervivencia.

Cada grupo de traballo está formado por unha comisión de expertos de Nacións Unidas que, a partir da información proporcionada e de datos obtidos de xornais, revistas e suplementos de diarios, reflexiona sobre os dereitos e presenta proxectos e iniciativas para mellorar a aplicación deses dereitos. As conclusións e iniciativas expóñense nun vagón que representa cada un dos catro tipos de dereitos.

Vagón Dereito a participar: Dereito a ser escoitado e escoitada, a que as opinións propias sexan tidas en conta e a defender os dereitos propios. Dereito á asociación e dereito a pedir e recibir información. Considérase que os nenos, as nenas e a mocidade deben ter a oportunidade para poder reivindicar e expresar o que consideran importante.

Que espazos de participación existen no voso centro educativo: consello escolar, delegados e delegadas, outros? Que número de rapaces e rapazas participan? Que postos ocupan rapaces e rapazas? Que asociacións e grupos hai no voso centro? Que número de rapaces e rapazas participan? Que postos ocupan rapaces e rapazas? En que espazos tomades decisións e sodes escoitados e escoitadas? Elaborade a partir destas reflexións e co material de xornais e revistas un vagón-collage con ideas e iniciativas para traballar por estes dereitos.

Vagón Dereito de desenvolvemento: Contempla o dereito a vivir canda a familia, a non ser separado dela. Son os dereitos para crecer nas facetas moral, espiritual e social. Contemplan o dereito a xogar, a ter amizades, así como o dereito á educación gratuíta e de calidade para todos e todas. Dereito a seguir mantendo a identidade cultural propia, a ter a relixión e crenzas propias e a desenvolverse segundo a elección persoal.

O traballo da vosa comisión de expertos é analizar o dereito á educación para nenos e nenas no mundo: *A educación é un dereito real para todos os nenos e nenas no mundo? En todos os países van por igual nenos e nenas ás escolas? A que se debe que vaian menos nenas á escola?* Na páxina www.cme-espana.org, en xornais e revistas de actualidade podedes obter máis información e utilizar datos e fotos para elaborar as vosas conclusións e iniciativas no vagón debuxado.

Vagón Dereitos de protección: Refírese aos labores de prevención e resposta á violencia, a explotación e o abuso contra nenos e nenas. En contextos de violencia e conflito armado moitos nenos e nenas son secuestrados para formar parte dos grupos armados e violentos. Nestas situacións, as nenas presentan dobre vulnerabilidade, posto que son utilizadas como soldados así como escravas domésticas e sexuais.

A vosa comisión debe expoñer unha análise da situación do que acontece a partir de información obtida en www.menoressoldados.org así como con datos obtidos de revistas dominicais e fotos. No vagón elaborado tamén podedes presentar as iniciativas que se levan a cabo para o "Desarme-Desmobilización-Reinserción" de nenas soldado.

Vagón Dereito á supervivencia: Contempla o dereito á vida e á supervivencia, ao máis alto nivel de saúde e nutrición, á seguridade social e a un nivel de vida adecuado para o desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social. O dereito á supervivencia subliña a importancia fundamental que significa asegurar o acceso aos servizos básicos de saúde. Tamén se subliña a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas para o acceso á saúde, aos medicamentos e a unha alimentación diaria variada e equilibrada.

Na vosa comisión tedes que reflexionar e analizar o dereito á alimentación no mundo. Atopamos moitos lugares nos que hai fames e escaseza de alimentos. Nestas situacións as nenas reciben alimentación de menor calidade porque as familias cren que é máis importante ter os nenos alimentados ca as nenas. Mais son as nenas e as mozas as que traballan no coidado do fogar, de irmáns e irmás, e teñen traballos produtivos (campo, coidado de animais, comercio) para colaborar na economía das familias. A partir da información e de fotos en xornais e revistas, podedes atopar moitos exemplos de nenas e mozas que padecen unha situación de discriminación en moitos países do mundo. Con todo iso elaborade o voso cartel e creade iniciativas e proxectos que poidan acabar con estas situacións de desigualdade para nenas e mozas.

Xesto: Unha viaxe polos dereitos da infancia

Axenda de accións: propoñemos elixir un ou dous momentos ao longo do curso nos que como grupo se comprometan a dar a coñecer no centro ou no barrio algún aspecto relacionado co que se traballou.

RECURSOS

· Tarxetas cos dereitos, tarxetas cos casos, cartolinas, pegamento, tesoiras, xornais, revistas...